

COMUNICADO Nº 022/24

26 DE XANEIRO DE 2024

2024



15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.

ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.

ARTIGO 3 ASPIRANTES.

ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5 INSCRICIÓN.

ARTIGO 6 PRUEBAS PUTUABLES.

ARTIGO 7 PREMIOS.

ARTIGO 8 PUNTUACIÓN.

ARTIGO 9 PUBLICIDADE.

ARTIGO 10 COMISARIO DE SEGUIMIENTO.

ARTIGO 11 MODIFICACIONES Ó REGULAMENTO.

ARTIGO 12 BECA, PREMIO FINAL.

ARTIGO 13 POSTOS DE SAÍDA

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.

"Pirelli Neumáticos, S.A.U.", a Federación Galega de Automobilismo, e AMF MotorSport organizan para o ano 2024 a **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**.

O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2024, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, un representante de **"Pirelli Neumáticos, S.A.U."**, e un representante de **AMF MotorSport**.

En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

Artigo 3.- ASPIRANTES.

A) Licenzas: Posuílas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto que permitan participar nas probas indicadas no art. 6.

B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.

C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte

D) "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", a Federación Galega de Automobilismo, e AMF MotorSport, S.C.G. resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024** sen ter que xustificalo.

E) Os pilotos e copilotos participantes dentro das copas PIRELLI, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, portando a indumentaria subministrada por PIRELLI que se lles entrega durante a tempada, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.

F) Para puntuar o piloto inscrito ten que conducir o 100% dos treitos cronometrados.

G) Todo piloto, copiloto, ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

h) O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

I) Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe e se fose por motivos deportivos en función da gravidade poderá ser excluído da copa, trofeo u campionato.

J) Tódolos participantes terán que comprar alomenos 4 pneumáticos, a AMF MotorSport, S.C.G., telf.: 986640715-607930393-616784863. Modelos: Pirelli PZERO nas versións RA e RW

- Control de Pneumáticos: Queda terminantemente prohibido tapalos códigos FIA de cada pneumático e o seu composto. Para a tempada 2024 terán un selo (Pegada) identificativo. O non posuílo implica a descalificación da **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**.

Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:

- A **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024** está reservada exclusivamente ós vehículos de dúas rodas Motrices dos seguintes grupos:

Grupos A, XA : ata 1.600 c.c.

Grupos N, XN : ata 2.000 c.c. S/Ficha Homologación e coa autorización expresa da F.G.A.

Grupos A, XA ata 2000 c.c. con homologación anterior o ano 2000.

Serán admitidas a montaxe de variantes V.O. e soamente as V.K. ou K.S. de escape, quedando prohibidas as: variantes V.O. V.K ou K.S. de caixas de cambios secuenciais, ou de crabots, e tódalas variantes V.R.

Grupos X provinte Grupo N ata 2000 c.c. Según Ficha de homologación con autorización expresa no seu pasaporte administrativo de XN.

Grupos X provinte Grupo A - Ata 2000 c.c. que a súa homologación fose anterior o ano 2000, ou os que perderan a súa homologación antes do ano 2024 inclusive, con autorización expresa no seu pasaporte administrativo de XA.

Grupo X sen homologación e coa autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo.

NOTA: Quedan excluídos os vehículos turboalimentados, ou provistos de compresores volumétricos, sendo reservada a admisión exclusivamente a vehículos atmosféricos de estrita serie, e de procedencia de exclusivo orixe do fabricante.

2.- Ante a solicitude de pilotos, sobre a autorización da mariposa de admisión de maior dimensión a permitida/homologada, ata a data, nos vehículos de menos de 1.600 c.c. da maioría do Grupo PSA. A Comisión Técnica reunida ao efecto, e previo estudio de pros e contras, "AUTORIZA" en tódolos vehículos de menos de 1.600 c.c., a monta dunha única mariposa de admisión derivada dun vehículo de serie dunha marca comercial. Podendo colocar unha peza de adaptación entre a mariposa e a admisión. A dimensión máxima admitida no diámetro interior da mariposa será $\varnothing 60 \pm 0,25$ mm, e dita dimensión será comprobada en tódalas mariposas de admisión para validalo seu montaxe. A Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo poderá precintar ou facer marcaxe da mariposa para garantir que non se substitúe por outra de maior dimensión.

Artigo 5.- INSCRICIÓNS:

Unha vez aceptada a inscrición no **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024** o participante estará oficialmente inscrito neste. Tódolos interesados en inscribirse no **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita

<http://www.fga.es/formularios/index.php/CopasPirelliAmf/CopaPirelliAmf>

O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa incrición no prazo estipulado.

Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para a **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**, serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
15/16/17-03-2024	28º RALLYE DE A CORUÑA	ONE SEVEN RACING
05/06/07-04-2024	28º RALLYE DO COCIDO	LALIN-DEZA
19/20/21-04-2024	38º RALI BERBERECHO DE NOIA	BERBERECHO
10/11/12-05-2024	6º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORT
31/06-01/02-06-2024	6º RALLYE DE PONTEVEDRA	CONGOSTRA T. SANXENXO
12/13/14-07-2024	20º RALLYE SUR DO CONDADO	SURCO
23/24/25-08-2024	55º RALLYE DE FERROL	A. FERROL
20/21/22-09-2024	12º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA	LUNTRA
08/09/10-11-2024	4º RALLYE RIBEIRA-RIA DE AROUSA	RIBEIRA RIA DE AROUSA

Artigo 7.- PREMIOS:

A) En cada un dos Rallyes puntuables para a **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024** otorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

PREMIOS POR PROBA

1º	1.000 €
2º	500 €
3º	300 €
4º	200 €
5º	100 €

PREMIOS FINAIS SCRATCH

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
VENCEDOR COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE

- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós premios en metálico nesa proba.

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e "Pirelli Neumáticos, S.A.U." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Artigo 8.- PUNTUACIÓN:

En cada unha das probas puntuables, para a **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

8.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.


8.3.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós puntos nesa proba.

8.4.- A clasificación final da **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**, será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento descontando os tres peores resultados (de celebrarse os nove rallyes); si se celebran oito probas, ou menos, descontaranse os dous peores resultados para o computo final. Se un participante non toma parte en algunha das probas, a mesma poderase descontar para a clasificación final.

8.5.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

Artigo 9.- PUBLICIDADE:

Tódolos vehículos deberán levar un parasol coa inscrición PIRELLI-AMF (parabrisas dianteiro) na parte superior, 4 pegatinas de PIRELLI (27,5X8,5cm.), dúas nas esquinas superiores da defensa dianteira, e dúas pegatinas na parte superior da defensa traseira (Nota: Obrigatoriamente teranse que ver na parte dianteira e traseira do vehículo, ou sexa, nunca postas nas partes laterais das defensas), e dúas pegatinas debaixo do número de competición, nas portas dianteiras (47X24cm.), coa inscrición AMF-PIRELLI. Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos da **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**. O parasol dianteiro ten que portarse en exclusiva o da **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**, so pena de exclusión.



Artigo 10.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento da publicidade e todo o concernente o bo desenrolo da copa, nas verificacións técnicas de cada rallye, así como do estrito control das pegadas.

Artigo 11.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarse ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet <http://www.fga.es/>.

Artigo 12.- BECA, PREMIO FINAL:

A **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**, e en exclusiva para os participantes na **15ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2024**. A beca consiste na participación do gañador na tempada de 2025, nos rallyes do Campionato de Galicia da especialidade cun vehículo do Grupo N5 (RMC), becado pola Federación Galega de Automobilismo, Pirelli Neumáticos, S.A.U., e AMF Motorsport. A "Federación Galega de Automobilismo" abonará o aluguer do vehículo, os dous monos de competición, os consumibles, a asistencia, o transporte do vehículo, e o hospitality do piloto e copiloto. O equipo gañador abonará as inscricións, o seguro a todo risco, e a rotulación do vehículo, en parte, que será compartida coa institucional. O equipo gañador (2024) terá un 30% do espazo publicitario do vehículo para insertar a súa publicidade (sempre e cando no sexa incompatible coa oficial) persoal para sufragalos gastos do equipo. "Pirelli Neumáticos, S.A.U." aportará os cinco pneumáticos (cupos) por proba; e en caso de excepcionalidade ou choiva a criterio do director de equipo pódese variar ou amplialo cupo por rallye. "AMF Motorsport" dará o servizo de asistencia de pneumáticos con indicación, asesoramento, das montas e presións necesarias.

Esta BECA poderá substituírse por un premio de análogas características para a tempada 2025, debidamente motivado e consensuado, a criterio do Comité Organizador.

Artigo 13.- POSTOS DE SAÍDA:

Os postos de saída na primeira proba a celebrar serán por clasificación final do Campionato de Galicia do ano anterior. A partir da segunda proba sairase por orde de clasificación no Campionato de Galicia de Rallyes 2024. Únicamente os Comisarios Deportivos o seu exclusivo criterio e por motivos de seguridade, poderán efectuar cambios na orde de saída dos participantes.